

ORDENANZA 3.19

TAXA POLA UTILIZACIÓN DOS SERVICIOS DA ESTACIÓN DE AUTOBUSES

Artigo 1º. Fundamento e natureza

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e consonte ó disposto nos artigos 15 a 19 e 20 da Lei 39/1988 do 28 de decembro reguladora das facendas locais (modificada pola Lei 25/1998 do 13 de xullo), este Concello establece a taxa pola utilización dos servizos da estación de autobuses, que se rexerá por esta Ordenanza fiscal, as normas da cal atenden ó previsto no artigo 58 da devandita Lei 39/1988.

Artigo 2º. Feito imponible

Constitúe a utilización de calquera dos servizos ou instalacións de carácter xeral comprendidos no recinto da estación de autobuses, independentemente do arrendamento ou contratación de locais, dependencias e outros elementos.

Artigo 3º. Suxeitos pasivos

Son suxeitos pasivos en concepto de contribuíntes as persoas físicas e xurídicas que soliciten ou se beneficien da prestación de servizos e utilización de instalacións da estación de autobuses.

Artigo 4º. Cota tributaria

1.- Tarifa A.

Por entrada ou saída dun autocar ó rematar inicia-la viaxe e escala de vehículo en tránsito:

A-1 Ata 15 Km.....	0,147032 €
A-2 De 16 a 30 Km.....	0,253964 €
A-3 De 31 a 50 Km.....	0,253964 €
A-4 De 51 a 80 Km.....	0,427729 €
A-5 De 81 a 200 Km.....	0,701742 €
A-6 De máis de 200 Km.	1,804479 €

2.- Tarifa B.

Billetes de andén.....	0,066832 €
------------------------	------------

3.- Tarifa C.

Por utilización dos servicios xerais da Estación, por cada billete expedido en tódalas liñas, abono ou cargo do viaxeiro que salga ou renda viaxe na mesma, por cada entrada ou saída:

C-1 Ata 15 Km.....	0,030075 €
C-2 De 16 a 30 Km.	0,066832 €
C-3 De 31 a 50 Km.	0,066832 €
C-4 De 51 a 80 Km.	0,144785 €
C-5 De 81 a 200 Km.	0,253964 €
C-6 De 201 a 500 Km.	0,601493 €
C-7 De máis de 500 Km.	0,768541 €

4.- Tarifa D.

Por alugamento mensual de taquillas para despacho de billetes:

D-1 Importe por taquilla ata 3 liñas	40,099527 €
D-2 Por cada línea máis	12,029858 €

5.- Tarifa E.

Facturación de equipaxes e encargos en consigna:

E-1 Mínimo percepción por paquete	0,768574 €
E-2 por cada Kg. de exceso	0,066832 €

6.- Tarifa F.

Recepción e entrega de equipaxes e encargos en consigna:

F-1 Bulto 1º día	0,601493 €
F-2 días sucesivos	0,300740 €

7.- Tarifa G.

Aparcamiento de vehículos:

G-1 de 22 a 7 horas	3,074297 €
G-2 de 7 a 22 horas:	
Primeira hora	0,601493 €
Cada hora máis.....	0,300746 €

8.- Tarifa H.

Aparcamientos discrecionales:

H-1 Prezo por hora.....	2,004976 €
-------------------------	------------

Artigo 5º. Obriga de contribuir

A taxa devengarase e nace a obriga de contribuir dende que escomeza a prestación do servizo ou utilización das instalacións.

Artigo 6º. Normas de xestión

As liquidacións e pagamento das tarifas anteriores efectuarase de acordo ca periodicidade sinalada.

Artigo 7º. Infraccións e sancións

Para todo o relativo a calificación das infraccións tributarias e a imposición das sancións correspondentes, rexerá o disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei xeral tributaria.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

A presente Ordenanza foi aprobada de xeito provisorio o día 31 de Outubro do 2002 e consideraráse aprobada definitivamente se non se presentan reclamacións .Unha vez aprobada definitivamente comenzará a aplicarse a partir do 1 de xaneiro do 2003 e aplicaráse mentres no se acorde a súa derogación ou modificación, no caso de modificacións parciais os artigos non modificados continuarán vixentes . As modificacións producidas pola Lei de presupostos Xerais do Estado ou outra norma de rango legal que afecte a calqueira elemento deste tributo, serán de aplicación automática dentro do ámbito desta Ordenanza.

